

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE XULLO DE 2023**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de xullo de 2023, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MAURICIO VITORIO REPETTO MORBÁN, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o secretario xeral do pleno en substitución do vicesecretario accidental, don Rafael José del Barrio Berbel, e o interventora xeral municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA E RECURSOS INTERNOS**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase a concesión das seguintes licenzas urbanísticas: para reforma e ampliación de edificación para planta baixa dedicada a portal e rochos, 4 plantas altas dedicadas a 4 vivendas (unha por planta) e planta baixo cuberta dedicada a vivenda (independente) na rúa Santiago, número 32 (exp. 2021/Y001/000221); para execución dunha vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional do PXOU de aplicación de Bagueixos, parroquia de Tirimol (exp. 2020/Y001/000366); para obras de reforma rehabilitación en edificio existente para substitución de ascensor con baixada a cota cero e nova parada en baixo cuberta na praza de Alicante, número 6 (exp. 2023/Y001/000038); para instalación de ascensor en nave con uso de imprenta na rúa da Luz, número 4 (exp. 2023/Y001/000087) e para unha construción de garda de gando ovino durante a noite no lugar Casa Santiago, parroquia de San Pedro de Calde (exp. 2022/Y001/000271).

Acórdase a rectificación de erro no acordo número 3/193, adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 13 de abril de 2023, polo que se outorgaba a licenza para construír un edificio na parcela a da Unidade de Actuación CS-8 na praza Aviador Parga Cerezo. (exp. 2021/Y001/000144).

Así mesmo, acórdase desestimar o recurso potestativo de reposición

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8170442321154783491.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-7-2023

interposto contra o acordo da xunta de goberno local en sesión do 19-04-2023, no procedemento 2021/Y001/000284, para reforma de vivenda unifamiliar en Bosende, Barxelas, número 36, parroquia de San Fiz de Muxa (exp. 2023/P014/000054).

Tamén se acorda a concesión das seguintes urbanística: para substitución de ascensor no edificio de vivendas sito na praza San Lourenzo, número 1 (exp. 2022/Y001/000292) e para obras de reforma rehabilitación en edificio existente para substitución de ascensor na rúa Portugal, número 61 (exp. 2022/Y001/000329).

**2. DISCIPLINA URBANÍSTICA.-** Acórdase a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 181/12.

Tamén se acorda a resolución de expediente de solicitude de declaración en situación legal de fóra de ordenación total 76/12.

**3. PLANEAMENTO.-** Acórdase a resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto de equidistribución do sector de solo urbanizable delimitado S1.I Coeses-Cuíña.

**4. FACENDA LOCAL.-** Acórdase denegar o escrito no que solicita a bonificación correspondente ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 9146LWG; solicitude na que insta a bonificación do 100% da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula H9241BBG como vehículo histórico; solicitude na que insta a bonificación do 100% da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 3904FKV como vehículo histórico; solicitude na que insta a bonificación do 100% da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula BI8505V como vehículo histórico; solicitude na que solicita a bonificación correspondente ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 1032KWH; escrito no que solicita a bonificación correspondente ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 3207LXD; solicitude na que insta a exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 3517BRK por ter recoñecido un grao de discapacidade do 8% e a solicitude na que insta a exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 4776HHR por ter recoñecido un grao de discapacidade do 33% ou superior este.

Tamén se acorda denegar a solicitude na que insta unha bonificación na cota do imposto sobre bens inmobles no ben inmueble situado en avda. Paulo Fabio Maximo (legado romano), 8 A01 D, por ter título de familia numerosa.

Acórdase aoutorgar a solicitude na que insta a exención da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 0402HNC alegando a súa discapacidade.

Tamén se acorda o arquivo da solicitude de exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o exercicio 2023 e sucesivos por discapacidade. Vehículo con matrícula PO9024BT.

Así mesmo, acórdase o arquivo da solicitude de exención no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o exercicio 2023 e sucesivos por discapacidade. Vehículo con matrícula 6700KNR.

Acórdase aprobar a solicitude na que pide a exención do imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 9670HDB ata a data de finalización de validez do certificado acreditativo do grao de discapacidade recoñecido.

Acórdase a denegación da solicitude na que insta a exención da cota no imposto sobre vehículos de tracción mecánica para o vehículo con placa de matrícula 7695MCM alegando a súa discapacidade.

**5. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.-** Acórdase a adxudicación na contratación do servizo de reprografía do Arquivo Municipal de Lugo, exp. ref. 2023/c003/000021.

Acórdase a aprobación das bases para a autorización da instalación na rúa puro cora dos postos de venda da feira de artesanía e gastronomía “gastroarte” das festas de San Froilán do ano 2023 con posibilidade de prórroga para o ano 2024, exp. 2023-C005-000008.

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8170442321154783491.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-7-2023

Tamén se acorda a aprobación das bases para a autorización da instalación de atraccións e postos durante as festas de san froilán do ano 2023 con posibilidade de prórroga para o ano 2024, exp. 2023-C005-000007.

Así mesmo, acórdase a aprobación das bases para a autorización da instalación da caseta e caldeiro do polbo nº 2, durante as festas de San Froilán do ano 2023 con posibilidade de prórroga para o ano 2024, exp. 2023-C005-000006.

Acórdase a desestimación do recurso de reposición contra o acordo de aprobación do proxecto de demolición no contrato mixto de redacción do proxecto, execución de obra e da dirección facultativa para a demolición do edificio e da urbanización no ámbito do urpi-58 (antiga UA CS5) así como restitución ao estado orixinal dos terreos, exp. ref. 2022-C002-000018.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de renovación do canil do Parque da Milagrosa, exp. ref. 2022-C002-000031.

Acórdase a adxudicación na contratación da prestación do servizo de mantemento e conservación das actuacións enmarcadas no plan de embelecimento da cidade-fase II a través da estratexia Dusi denominada "da Muralla ao Miño-Muramiñae" co cofinanciamento do 80% da Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional. Contrato reservado a centro especial de emprego de iniciativa social e a empresas de inserción reguladas, exp. ref. 2023-C003-000022.

Acórdase a contratación da prestación do servizo educativo-asistencial e de cociña-limpeza nas escolas infantís municipais Luís Soto Menor (lote 1) e María Wonenburger (lote 2), exp. 2021/C003/000004.

Tamén se acorda a contratación do servizo de xerencia e asistencia técnica do plan de sustentabilidade turística en destino do Concello de Lugo (pstd: et edendo, Lucus: un recorrido histórico por la enogastronomía) - financiada a través do Ministerio de Industria, comercio e turismo - plan de recuperación, transformación e resiliencia - financiado pola Unión Europea - código de proxecto: 23MRRXX43201. Aexp. ref. 2023/C003/000023.

Do mesmo, xeito acordase a adxudicación na contratación da execución do programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero nos centros educativos públicos do Concello de Lugo (Concellería de Muller e Igualdade Servizo de Igualdade), exp. ref. 2023/C003/000003.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de material eléctrico para o Servizo Electromecánico e Industrial do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref 2023/C004/000021.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación da subministración de dous vehículos mediante lotes para o Parque Móbil e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2023/C004/000023.

**6. FOMENTO.-** Acórdase aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e Corporación Hijos de Rivera, S.L., dentro da programación de Lugo, Capital da Cultura.

**7. PERSOAL.-** Acórdase a aprobación das bases de selección para a contratación de catro socorristas para o proxecto "salvamento e socorrismo"

Tamén se acorda a permuta dos policía locais.

**Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana e Recursos Internos e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**